

## **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 26 DE XUÑO DE 2014.**

### ASISTENTES:

#### Presidente:

D.<sup>a</sup> Ana Ledo Fernandez

#### Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D.<sup>a</sup> Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D.<sup>a</sup> Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

#### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Bomorto, sendo as vinte horas do día vinte e seis de xuño de dous mil catorce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D.<sup>a</sup> Ana Ledo Fernandez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia, os concelleiros D. José Ignacio Portos Vázquez e D. Gonzalo Concheiro Coello.

Feron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas do Pleno da Corporación da sesión ordinaria do día 24/04/2014 e das sesións extraordinarias dos días 28/04/2014, 22/05/2014 e 26/05/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con nove votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-POSE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto, **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as actas do Pleno da Corporación da sesión ordinaria do día 24/04/2014 e das sesións extraordinarias dos días 28/04/2014, 22/05/2014 e 26/05/2014

## **2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC N° 9/2014 CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 3/2014**

Pola secretaria dáse lectura ao ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 24/06/2014 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

<<...Sen máis intervencións con cinco votos a favor; dous dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE; dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto a CIPEC dictaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais tal e como segue:

partida 161.629 importe 43.435,02€ para a execución da obra Melloras nas redes de abastecemento e saneamento no Concello de Boimorto

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto. -** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.>>

Explica a Alcaldía as obras que se pretenden realizar e a súa necesidade.

Sen máis intervencións por unanimidade con 9 votos a favor; 4 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o pleno **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais tal e como segue:

partida 161.629 importe 43.435,02€ para a execución da obra Melloras nas redes de abastecemento e saneamento no Concello de Boimorto

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado se que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

**Cuarto. -** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións

## **3.- DITAME APROBACIÓN ORDENANZA OUTORGAMENTO AXUDAS Á CREACIÓN DE EMREGO**

Pola secretaria dáse lectura ao ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 24/06/2014 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

<<...Sen máis intervencións con cinco votos a favor; dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto a CIPEC dictaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de axudas para creación de emprego na anualidade 2013, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas para creación de emprego que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO**

### **ORDENANZA OUTORGAMENTO AXUDAS PARA CREACIÓN DE EMPREGO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Alcaldía do Concello de Boimorto, co fin de levar a cabo o cumprimento dos obxectivos adquiridos polo Concello, dirixidos a paliar o desemprego na nosa localidade, pretende incentivar á conversión de persoas desempregadas en traballadores/as autónomos/as e á creación de empresas, axudando a crear desta forma unha situación o suficientemente consistente para que a persoa traballadora que se acolla a estas axudas poida afrontar o reto do establecemento como traballador por conta propia ou a posta en marcha do proxecto empresarial. Por medio desta actuación trátase de dinamizar a pequena e mediana empresa, aos autónomos e ao comercio tradicional, máis necesitado de apoio público polas dificultades de adaptación ás circunstancias actuais do mercado.

Dado que existe gran cantidade de empresas de corte familiar no tecido empresarial do municipio, tamén é susceptible de subvención, o establecemento como autónomo dos familiares colaboradores que convivan co autónomo principal.

Nos últimos tempos encontrámonos cunha realidade social difícil de afrontar desde a administración local, por mor da situación do mercado de traballo, como consecuencia da crise económica na que estamos inmersos, que está provocando a destrución día a día de numerosos postos de traballo.

O Concello de Boimorto como administración pública máis próxima á cidadanía, preocupada polos problemas que afectan ao municipio, propón que se poñan en marcha medidas tendentes a facilitar o acceso ao mercado de traballo, fomentar o emprego e mellorar a súa calidade, así coma incentivar as novas iniciativas empresariais, de xeito que se desenvolvan actuacións concretas e se coordinen esforzos para resolver un problema de gran envergadura como é o incremento do desemprego no noso municipio.

#### **BASE 1ª.- FINALIDADE**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2014 das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello de Boimorto. Este programa enmárcase dentro da finalidade de incentivar a creación de novos proxectos empresariais e en xeral fomentar a

actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello de Boimorto.

O obxecto da presente disposición é tamén fixar as bases reguladoras e convocar as axudas municipais para empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas desempregadas que estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Boimorto.

A solicitude de ambas subvencións terán que reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no período comprendido do 1 de novembro de 2013 até o 1 de novembro do ano 2014.

## **BASE 2ª.- OBXECTO E BENEFICIARIOS/AS**

### **2.1.- OBXECTO**

Poden ser obxecto desta subvención os novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade entre o **1 de novembro de 2013 até o 1 de novembro do ano 2014**. (entendendo por inicio de

actividade a alta definitiva no censo de obrigados tributarios). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

Tamén se subvenciona a contratación de persoas desempregadas que esten inscritos na Bolsa municipal de Emprego do Concello de Boimorto.

### **2.2.- BENEFICIARIO/A**

**2.2.1.- Poderá ser beneficiario/a da subvención para novos proxectos empresariais** en Boimorto calquera persoa física cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual, autónoma colaboradora ou autónoma integrada nunha sociedade civil ou mercantil, que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei xeral de subvencións, o artigo 5 da Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e os especificamente fixados no antedito apartado, cumpran os seguintes requisitos:

1) Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello de Boimorto nos seguintes termos:

- En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Boimorto.

- Cando, para o exercicio da actividade, non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Boimorto.

2) Estar en situación de desemprego no momento da alta no R.E.T.A ou réxime similar. Este requisito acreditarase mediante a presentación dun informe da vida laboral da persoa traballadora.

3) Estar dada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos a partir do 1 de novembro de 2013 ata 1 de novembro de 2014.

4) Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os trasposos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.

5) Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financieramente.

6) Que non desenvolvesen, como traballadores autónomos no R.E.T.A ou réxime similar; igual ou similar actividade empresarial nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. No caso dunha nova actividade formada por varios socios e no que un deles xa estivese dado de alta como autónomo na mesma ou similar actividade, será requisito indispensable para a súa concesión, que, como mínimo o 51 % do capital sexa de titularidade dos novos empresarios. Neste caso só terá dereito a subvención a cota dos socios que non estivesen dados de alta na mesma ou similar actividade empresarial.

7) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Boimorto, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias co Concello de Boimorto serán comprobados de oficio.

8) Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dous anos, salvo causa de forza maior, en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.

9) Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.

10) Non poderán ter a condición de beneficiario/a os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11) As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **2.2.2.- Poderán ser beneficiarios de subvención por contratación de desempregados**

*Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que teñan contratado a persoas desempregadas residentes en Boimorto ou que estean inscritas na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Boimorto.*

*.1 Non poderán ter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*2 Será tamén requisito para obter a condición de beneficiario/a non ter amortizado nos últimos tres anos postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.*

*3 A contratación terá que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña, cando menos, durante o tempo de vixencia do contrato obxecto da subvención.*

*.4 O beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).*

*.5 As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Boimorto e demostren a súa residencia no municipio de Boimorto no momento da formalización do contrato obxecto de subvención, mantendo a residencia en Boimorto durante o período de contratación subvencionado.*

*6 O/A beneficiario/a deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Boimorto, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social. As obrigas fiscais co Concello de Boimorto serán comprobados de oficio.*

### **BASE 3ª.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria, faranse con cargo a partida orzamentaria do orzamento da anualidade 2014 241.47000 con crédito por **14.000€ ata esgotar partida e por escrupuloso orde de rexistro de entrada**.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión.

A contía máxima a conceder a cada persoa beneficiaria por ambos conceptos subvencionables non poderá superar os **3.000€**, debendo axustarse os proxectos que optan á subvención, aos requisitos establecidos no obxecto de convocatoria e os gastos a subvencionar especificados nesta ordenanza.

### **BASE 4ª.- TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES.**

4.1.- As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é :

**a) Subvencionar a cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, calquera** outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou mutualidade de colexio profesional. A contía de cada subvención virá determinada polo importe correspondente ao 100 por 100 da cota efectivamente aboada pola persoa beneficiaria durante os seis meses posteriores á alta no RETA, unha vez deducidas as bonificacións, exencións e demais reducións concedidas por outras Administracións Públicas, vixente na data de resolución da concesión da subvención, sempre que non supere o importe máximo de tres mil euros (3.000,00.-€).

#### **b) Axudas a contratación temporal de traballadores desempregados polo mínimo de 6 meses**

b1.- Contratación desempregado/as comprendido en tramo de idade entre 18-30 anos 960€ pola contratación dun ano prorrateo para contratacións entre 6 meses e un ano.

b2.- Contratación desempregado/as comprendido en tramo de idade entre 30-45 anos 720€ pola contratación dun ano prorrateo para contratacións entre 6 meses e un ano.

b3.- Contratación desempregado/as comprendido en tramo de idade de 45 a 65 anos 600€ pola contratación dun ano prorrateo para contratacións entre 6 meses e un ano.

Incrementarase nun 10% a contía destas axudas se a contratación beneficia a mulleres, persoas con eivas ou desempregado de longa duración non sendo acumulables os incrementos de darse varias circunstancias e tendo o límite máximo cada beneficiario de 3.000€ por ambas axudas destacando que a axuda para contratación de desempregados pode outorgarse a empresas que non teñan o domicilio fiscal en Boimorto máis contraten persoas residentes neste Concello e/ou inscritos na bolsa de emprego do Concello.

Se a contratación de desempregados e a tempo parcial o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato. Alteración das condicións de concesión desta axuda.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá estar tamén inscrita na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Boimorto e/ou ser residente de Boimorto. No caso no que o Servizo de emprego non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a percibir o importe da subvención proporcional ao tempo efectivo da contratación.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará desde o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle o Concello a nova contratación, e deberá acreditar:

- Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente subscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases para subvención de contratación de desempregados :

-Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, até o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un/unha traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estar a o seu cargo.

-As contratacións realizadas con persoas que, nos 24 meses anteriores á data de contratación, prestaran servizos á mesma empresa mediante contrato por tempo indefinido.

-Persoas que remataran a súa relación laboral de carácter indefinido por mutuo acordo no prazo de seis meses anteriores á formalización do contrato.

-As contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición do/a traballador/a contratado/a para prestar servizos en empresas usuarias.

#### **BASE 5ª.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONS.**

A subvención para creación de empresa será compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións, en particular e dado o seu carácter, as axudas establecidas nesta convocatoria serán compatibles coa capitalización ou pagamento único daprestación por desemprego. En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de

calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen o custo total da cota de Autónomos realmente aboada pola persoa beneficiaria. A persoa solicitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente coma en calquera momento posterior.

A subvención para contratación desempregados será incompatibles con outras que poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento de emprego. Si serán compatibles con incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

#### **BASE 6ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESION, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS.**

6.1.- O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase ao disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, até o esgotamento do

crédito orzamentario. Con todo, no suposto de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superar o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada.

6.2.- Recibidas as solicitudes xunto coa documentación preceptiva, a instrución do procedemento levarase a cabo polo Concello coa previa comprobación da documentación aportada polos solicitantes das subvencións pola Técnica local de emprego que informará en proposta á Xunta de goberno local sobre o posible outorgamento de subvención e a súa contía redactando proposta definitiva de concesión de subvención ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

6.3.-A Xunta de Goberno Local que será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de tres meses desde o último día de prazo de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo da Coruña, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución da Xunta de Goberno Local, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificarase aos solicitantes no prazo de dez días desde que se dita, de acordo con previsto no artigo 58 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contenciosa-administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.4.- Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicarlle o Concello a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

#### **BASE 7ª.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

7.1.- As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte a data de publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña e até o **1 de decembro de 2014**, segundo os modelos establecidos no Anexo I, preferentemente no Rexistro do Concello de Boimorto dirixidas á Alcaldía Alcalde - Presidente, ou por calquera outro medio establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xunto coa totalidade da seguinte documentación:

##### **a) Para solicitar subvención creación empresa:**

- Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- Fotocopia compulsada do CIF, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser caso.
- Fotocopia compulsada da declaración do censo de alta no Censo de Obrigados Tributarios (modelo 036 ou 037) e alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Fotocopia compulsada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Certificados de atoparse ao corrente na súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral actualizado do traballador na data de solicitude.
- Declaración responsable, incorporada como Anexo II a esta convocatoria.
- Fotocopia compulsada das licenzas correspondentes ao inicio da actividade ou fotocopia compulsada da solicitude das mesmas, de seren necesarias.
- Memoria de proxecto empresarial a desenvolver.

En aplicación do artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administración común, os/as cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos anteriores cando calquera dos mesmos se atopase en poder do propio Concello. Para tal fin, os/as interesados/as deberán indicar a data e o órgano de presentación do documento en cuestión.

7.2.- Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, requiriráe á persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

**b) Para solicitar a subvención pola contratación de desempregados:**

**DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á EMPRESA:**

o Ficha de solicitude (Anexo I)

o Fotocopia compulsada do DNI se o/a solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).

o Fotocopia compulsada da escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, no caso de persoas xurídicas.

o Fotocopia compulsada da declaración de alta no Censo de Obrigos Tributarios (modelo 036 ou 037) e alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) do solicitante.

o Declaración responsable segundo o Anexo II.

o Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, e coa Seguridade Social. A comprobación das débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Arteixo farase de oficio.

o Declaración do cadro de persoal (Anexo III).

o Últimos tres TC2 inmediatamente anteriores á data da contratación da persoa pola que se solicita a axuda.

o Modelo de designación de conta bancaria.

**DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CADA TRABALLADOR/A**

o Fotocopia compulsada do DNI da/s persoa/s traballadora/s obxecto de contratación.

o Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido polo TXSS con data posterior á contratación.

o Contrato de traballo, rexistrado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

o Certificado de persoa con eivas ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (no caso de contratación de persoas con eivas).

O prazo de solicitude será desde o día seguinte á publicación no BOP até o 1 de decembro de 2014.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida, seralle requirida ao solicitante conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requiriráe á persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, no prazo de tres meses desde a publicación do acordo. Transcorrido ese prazo, a administración municipal non estará obrigada á súa custodia.



## **OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A NA SUBVENCIÓN POR CONTRATACIÓN DESEMPREGADOS**

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

Acreditar no momento da solicitude a contratación, no período comprendido entre o 1 de NOVENBRO de 2013 até o 1 de NOVENBRO do 2014, de persoas desempregadas residentes en Boimorto e / ou inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.

Se é o caso, acreditar a condición de persoa con eivas recoñecida.

Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así coma coa Seguridade Social.

Non se procederá ao pagamento da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedemento de reintegro.

Comunicarlle ao Concello calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así coma dos seus compromisos e obrigas.

Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado

Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, agás causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto da subvención.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **BASE 8ª.- FORMA DE PAGAMENTO.**

O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único e o mesmo quedará condicionado a que:

- Se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación
- Certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou declaración responsable

. Para estes efectos e segundo o presentado no momento da solicitude deberá terse en conta que o artigo 88.4 do Regulamento de subvencións estableceu que “non será necesario achegar nova certificación se a achegada na solicitude de concesión non pasou o prazo de seis meses de validez”.

### **BASE 9ª.- XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

Resolta a concesión, para a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos da subvención, de non ser presentada con anterioridade, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Documento de xustificación da subvención (anexo IV).
- Relación numerada e ordenada cronoloxicamente dos gastos e pagamentos subvencionados (anexo V).
- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos aboadas e/ou, no seu defecto, documentos xustificativos do pagamento das cotas establecidas na Base 4ª, sexan orixinais ou fotocopias compulsadas, ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado no devandito anexo V, que acrediten a efectividade do seu pagamento.
- Modelo de designación de conta bancaria.

O prazo para a xustificación da documentación será o mes seguinte ao pagamento da última cota de autónomos obxecto da subvención no caso de subvención por creación de empresa.

Nas subvencións por contratación de desempregado unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, unha vez rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a

realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 2 meses por parte do beneficiario/a como xustificación da subvención, mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas:

- Anexo IV de declaración do cadro de persoal durante a contratación.
- De estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social. Para estes efectos e segundo o presentado no momento da solicitude deberá terse en conta que o artigo 88.4 do Regulamento de subvencións estableceu que “non será necesario achegar nova certificación se a achegada na solicitude de concesión non pasou o prazo de seis meses de validez”.
- A presentar unha vida laboral actualizada que amose o período total da contratación e as características da mesma.
- TC2 coa totalidade de persoal en alta durante os meses en que o traballador obxecto da subvención estivese contratado.
- Fotografía do cartel informativo da subvención, será subministrado polo Concello.

#### **BASE 10ª.- VERIFICACION E CONTROL.**

Os/as beneficiarios/as quedarán obrigados/as a facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen polo Concello.

c. Así mesmo, quedarán sometidas ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello de Boimorto e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### **BASE 11ª.- MODIFICACION E REINTEGRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así coma a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Procederá a revogación da subvención, así coma o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora, cando exista incumprimento pola persoa beneficiaria de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que deron lugar ao outorgamento da subvención, dando lugar á anulación da subvención concedida.

#### **BASE 12ª.- RESPONSABILIDADES, RÉXIME SANCIONADOR E REINTEGROS.**

12.1.- As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime de sancións que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, que establece o Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.2.- Ademais das causas de invalidez da resolución da concesión, recollidas no art. 36 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así coma á esixencia dos xuros de demora desde a data de pagamento da subvención até que se acorde a procedencia de reintegro da mesma, os casos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en concreto, por obterse a subvención falseando as condicións requiridas para conseguilo ou ocultando aquelas que o impidiran.

12.3.- O procedemento de reintegro de subvencións rexerá polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

12.4.- O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, a pedimento razoado doutro órgano ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención.

12.5.- Na tramitación do procedemento, garantirase en todo caso, o dereito da persoa interesada a audiencia. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses, desde a data de acordo de iniciación. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse, de acordo co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De transcorrer o prazo para resolver sen que se notificara resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até o remate e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até o remate do antedito prazo.

#### **BASE 13ª.- PUBLICIDADE.**

##### **13.1.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas publicarase no Boletín oficial da provincia, e na páxina web, unha vez aprobadas polo Pleno da Corporación; as anteditas bases reguladoras e convocatoria e os modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse nas oficinas xerais do Concello de Boimorto e na páxina web

### 13.2.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serano para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as anteditas axudas e serán tratados para os exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Boimorto.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas na páxina web do Concello de Boimorto.

. Os solicitantes aos que se lle conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito á honra, intimidade persoal e imaxe.

### 13.3.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da obtención desta/s subvención polo Concello de Boimorto.

. O cartel será subministrado polo Concello.

## ANEXO 1

### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CREACIÓN DE EMPRESAS (CONVOCATORIA 2014)

#### ANEXO I

#### 1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI, NIE: \_\_\_\_\_ Data nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
Nome: \_\_\_\_\_  
Primeiro apelido: \_\_\_\_\_ Segundo apelido: \_\_\_\_\_ Tipo vía: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ N.º: \_\_\_\_\_  
Portal: \_\_\_\_\_ Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_  
Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_ Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
Correo electrónico: \_\_\_\_\_

#### 2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES

DNI, NIE: \_\_\_\_\_ Data nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
Nome: \_\_\_\_\_  
Primeiro apelido: \_\_\_\_\_ Segundo apelido: \_\_\_\_\_ Tipo vía: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ N.º: \_\_\_\_\_  
Portal: \_\_\_\_\_ Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_  
Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

#### 3.- DATOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Actividade económica \_\_\_\_\_  
Epígrafe IAE: \_\_\_\_\_ Data inicio actividade: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ Data alta RETA: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
Tipo vía: \_\_\_\_\_ Enderezo fiscal: \_\_\_\_\_  
N.º: \_\_\_\_\_ Portal: \_\_\_\_\_ Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_  
Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Firma

#### 4.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO/A

Ter o seu domicilio fiscal e de actividade no concello de BOIMORTO.

Alta no Censo de Obrigos Tributarios.

Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Non estar de alta no RETA nos seis meses inmediatamente anteriores a la data de presentación da solicitude.

5.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR.

Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documentación equivalente para os estranxeiros (no

caso de traballadores estranxeiros non comunitarios tamén será necesario permiso de residencia e de traballo).

Fotocopia compulsada do C.I.F., escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil.

Fotocopia compulsada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime especial por

conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.

Fotocopia compulsada de alta no Censo de Obrigos Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas.

Certificado de atoparse o corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, así como coa Seguridade Social.

Orixinal ou fotocopia compulsada de informe da vida laboral actualizada do traballador na data da solicitude.

Fotocopia compulsada da licenza municipal correspondente ó inicio de actividade ou fotocopia compulsada da solicitude da mesma, se é o caso.

Anexo II de declaración responsable.

Memoria do proxecto empresarial obxecto da subvención.

Anexo IV de xustificación de subvención.

Anexo V relación numerada de xustificantes.

Modelo de designación de conta bancaria.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Firma

## **ANEXO II**

### **DECLARACION RESPONSABLE CREACIÓN DE EMPRESAS**

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, e con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,

FORMULO AS SEGUINTE DECLARACIÓN en relación coa Convocatoria de subvención creación de empresas no Concello de Boimorto anualidade 2014.

1º.- DECLARACION RESPONSABLE en relación con non estar incurso nas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario de subvencións:

- Non ter sido condenado mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- Non ter solicitada a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente por calquer procedemento, atoparse declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que concluire o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.

- Non ter dado lugar, por causa da que fora declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

- Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís, aqueles que ostenten a representación legal de outras persoa xurídicas ou calquera dos membros de comunidades de bens ou outras agrupacións de persoas nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de mayo, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

- Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine reglamentariamente.

- Non ter residencia fiscal nun país ou territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.

- Non ter pendente o pago de obrigacións por reintegro de subvencións.

- Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións ou na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

2º.- DECLARACION RESPONSABLE sobre outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada (marcar unha opción):

Que para o presente proxecto, se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda Organismo Disposición Reguladora Solicitada / Concedida Ano Importe ou, alternativamente:

Que non solicitou, nin por tanto ten concedida, outras axudas ou subvencións de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade cas subvencións para a creación de empresas convocadas polo Concello de Boimorto.

3º.- DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre que non desenvolveu igual ou similar actividade empresarial ou profesional na mesma localidade, ou na súa área de influencia, nos seis meses anteriores a data de inicio da súa nova actividade.

4º.- DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre o cumprimento dos requisitos establecidos na Convocatoria, aceptando as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo Concello de Boimorto.

Ao mesmo tempo AUTORIZO ao Concello de Boimorto:

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT e co Concello de Boimorto.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Concello de Boimorto a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións, 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente,

comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Concello, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Concello de Boimorto en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Concello de Boimorto.

Advirto das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

E para que así conste, asínase o presente en Boimorto, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2014.

Asdo. \_\_\_\_\_

### ANEXO III

#### MEMORIA DO PROXECTO EMPRESARIAL CREACIÓN DE EMPRESAS

### ANEXO IV

#### XUSTIFICACION DE SUBVENCION CREACIÓN DE EMPRESAS

##### SOLICITANTE

